


TAREFA 2: "MENSAXES SOSTIBLES".



MESTRA: JENNY (Titora 5º EI)

ÁMBITOS DE APRENDIZAXE INCLUSIVOS: ÁMBITO NATURAL E SOCIAL

CONTEXTO: 4º, 5º e 6º de educación infantil

CURSO: 2020/2021

ÁMBITO NATURAL E SOCIAL

1. IDENTIFICACIÓN

TAREFA 2 : "MENSAXES SOSTIBLES"

ETAPA	EDUCACIÓN INFANTIL	NIVEIS	4º, 5º E 6º INFANTIL
ÁREA/S	ENFOQUE GLOBALIZADO	MESTRAS	JENNY, NOE, LUCÍA, BELÉN

2. DESCRICIÓN DA TAREFA

O **PRODUTO FINAL RELEVANTE** é a creación de mensaxes de concienciación e sensibilización sobre a sustentabilidade (malgasto de enerxías, contaminación en altos niveis, deterioro do medio ambiente...) para enviar ao futuro nunha cápsula do tempo que se colgará no exterior do cole e irá enchéndose coas mensaxes de todo o alumnado segundo vaia pasando polo ámbito para despois enterrala no patio do cole e abri-la dentro duns anos e poder ler as mensaxes no futuro. Ademais, farase unha copia destas mensaxes para enviar a diferentes direccións de Tui escollidas ao azar polas mestras par que lles chegue por correo postal unha "dose de cápsula sostible" facendo a labor de concienciación e sensibilización dende o noso

contorno próximo e levando a cabo esas pequenas accións que poden cambiar o noso planeta Terra e que desenvolveremos ao longo das actividades propostas nesta tarefa.

3. XUSTIFICACIÓN DA TAREFA

Esta tarefa atópase enmarcada no **Programa Escola Verde do Plan Proxecta** no que fomos admitidas neste curso 2020/2021. A súa posta en práctica garda relación coas tarefas anteriores nas que estivemos traballando no ámbito e ademais co proxecto de centro "Ata o infinito e mais aló". O **obxectivo** principal é que o alumnado adquira hábitos relacionados coa sustentabilidade partindo do establecido nos ODS e levando a cabo pequenos retos relacionados coa adquisición de estes hábitos, é dicir, levaranse a cabo pequenas accións sostibles dentro do noso contexto particular (o centro educativo e a cidade de Tui).

4. CONTEXTO

Aulas de 3 anos, 4 anos, 5 anos A e 5 anos B.



5. ACTIVIDADES	INDICADOR AVALIACIÓN 1	INDICADOR AVALIACIÓN 2	INDICADOR AVALIACIÓN 3
<p>1. MOTIVACIÓN INICIAL. "REPORTEIR@S DE ANDAR POR CASA". Este primeiro reto trata de analizar as fotografías que fixeron previamente á primeira sesión do ámbito e cumprir coa misión que lles foi asignada polo noso Marciano Marvin (protagonista en diferentes tarefas do ámbito ao longo do curso). https://youtu.be/0EVnv2SS9t4</p>	<p>Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar.</p>	<p>Presta atención ás informacións que lle transmiten outras persoas.</p>	
<p>2. ASEMBLEA SUSTENTABLE. Neste segundo reto sostible teremos que documentarnos acerca do concepto de</p>	<p>Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar.</p>	<p>Presta atención ás informacións que lle transmiten outras persoas.</p>	



<p>contaminación utilizando un conto e uns soportes con apoios visuais e de voz. Faremos un experimento para vivenciar como se poden atopar os océanos e mares ante o problema da contaminación e o dificultoso que pode resultar a limpeza dos mesmos. Prepararémonos para poder desenvolver o seguinte reto na vindeira semana.</p>			
<p>3. MALAS NOVAS. Este é o terceiro reto da tarefa no que o alumnado converterase de novo en "<i>Detective sostible</i>" facendo uso das insignias que utilizamos anteriormente (<i>SOPORTE 2</i>) e traballará nunha actividade servizo facendo unha recollida de lixo en en diferentes zonas de Tui e sensibilizar á</p>	<p>Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar.</p>	<p>Presta atención ás informacións que lle transmiten outras persoas.</p>	



<p>poboación que se atope pola rúa no momento da saída.</p>			
<p>4. A CONTA ATRÁS. Este é o derradeiro reto desta segunda tarefa do ámbito onde o alumnado realizará adquirirá nocións sobre o consumo excesivo da auga a través dun pequeno experimento. Ademais faremos as nosas mensaxes sostibles para a cápsula do tempo e para algunhas direccións de Tui e aproveitar para concienciar e compartir o que estamos facendo dende o cole para que toda a cidade de Tui vaíamos nunha mesma dirección.</p>	<p>Presta atención ás informacións que lle transmiten outras persoas.</p>	<p>Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar.</p>	<p>Presta atención ás informacións que lle transmiten outras persoas.</p>
<p>ACTIVIDADES</p>	<p>PASO 1</p>	<p>PASO 2</p>	<p>PASO 3</p>
<p>1. MOTIVACIÓN INICIAL.</p>	<p>1.1. Exposición das fotografías</p>	<p>1.2. Rutina de pensamento "Vexo,</p>	<p>1.3. "Detectives no cole". Entregarase</p>



<p>"REPORTEIR@S DE ANDAR POR CASA". Este primeiro reto trata de analizar as fotografías que fixeron previamente á primeira sesión do ámbito e cumprir coa misión que lles foi asignada polo noso Marciano Marvin (protagonista en diferentes tarefas do ámbito ao longo do curso). https://youtu.be/OEVnv2SS9t4</p>	<p>que aportaron das súas casas. Explicarán brevemente o que atoparon e que é o que puideron observar na cidade de Tui ou nas súas casas.</p>	<p>penso e preguntome" SOPORTE 1. Situaremos as fotografías colgadas nunha parede/encerado da aula para que poidan observarse con detalle e facer a parte da rutina: "Vexo". Responderemos ao resto de cuestións da rutina de pensamento por orde e respectando as quendas de palabra en gran grupo e a mestra tomará nota das súas impresións.</p>	<p>ao alumnado unha insignia (<i>SOPORTE 2</i>) de detectives que levarán colgada e sairemos polo cole a buscar indicios de que se está a facer un mal uso das enerxías, de posible lixo no chan ou que poida estar situado no cubo do lixo que non lle corresponde... etc. 1.4. Asemblea final. Que solucións propostas teñen para mellorar o que acontece? Que podemos facer nós para que a situación mellore? RECOLLIDA DE IDEAS PREVIAS AO CHEGAR A AULA.</p>
<p>2. ASEMBLEA SUSTENTABLE. Neste segundo reto sostible teremos que documentarnos acerca do concepto de contaminación utilizando un conto e uns soportes con apoios visuais e de</p>	<p>2.1. Procura de información. A partir do conto: "<i>Lota la cachalota</i>" falaremos sobre a contaminación no planeta Terra e mais concretamente nos</p>	<p>2.2. Experimento: "A contaminación nos océanos". Nun recipiente transparente trataremos de simular un océano a pequena escala. Para isto,</p>	<p>2.4. "As malas novas". Analizaremos a seguinte noticia que se lle presentará ao alumnado en formato A3. Lemos o que acontece en Tui e anticipamos o que imos facer na vindeira semana</p>



<p>voz. Faremos un experimento para vivenciar como se atopan os océanos e mares nestes momentos e o dificultoso que pode resultar a limpeza dos mesmos. Prepararémonos para poder desenvolver o seguinte reto na vindeira semana.</p>	<p>mares e océanos (sobre o lixo coma os plásticos, aceites dos barcos, petróleo, máscaras...).</p> <p>Utilizaremos o seguinte <i>SOPORTE 3</i> para coñecer con maior profundidade o concepto de contaminación.</p>	<p>colocaremos nel unha gran cantidade de auga, engadiremos colorante azul para darlle cor, e iremos situando algúns animais marítimos de xoguete dentro. Observaremos primeiro que bonito é o mar. Despois, iremos engadindo plásticos, aceite e cacao, para simular a contaminación dos océanos. Por último, o alumnado comezará as tarefas de limpeza e darase conta de que é moi complexo limpalo. Que acontece? Faremos unha chuva de ideas para recoller as súas impresións.</p> <p>2.3. Representación gráfica do que observamos no experimento.</p> <p>Cumprimentaremos o seguinte</p>	<p>(sairemos a unha recollida de lixo en grupo por distintas zonas de Tui).</p> <p>https://www.lavozdegalicia.es/noticia/vigo/tui/2018/03/02/residuos-tipo-acumulan-embarcadero-tui/0003_201803V2C8992.htm</p>
---	--	---	--



		<i>SOPORTE 4</i> para representar de forma escrita ou mediante un debuxo o que aconteceu no experimento.	
<p>3. <u>MALAS NOVAS</u>. Este é o terceiro reto da tarefa no que o alumnado converterase de novo en "<i>Detective sostible</i>" facendo uso das insignias que utilizamos anteriormente (<i>SOPORTE 2</i>) e traballará nunha actividade servizo facendo unha recollida de lixo en en diferentes zonas de Tui e sensibilizar á poboación que se atope pola rúa no momento da saída.</p>	<p>4.1. "As malas novas". Lembramos a noticia que observamos no día anterior para recordar a nosa misión/reto para hoxe.</p>	<p>4.2 "Detectives na rúa". A vista do que acontece en Tui poñémonos mans á obra e convertémonos de novo en detectives coas nosas insignias para saír cara a zona da Alameda e ir facendo unha recollida de lixo.</p>	<p>4.3 "Asemblea final". Ao chegar á aula comentamos en gran grupo as vivencias, o tipo de lixo que atopamos, como nos sentimos despois do que fixemos, que podemos facer para que isto non aconteza...</p>



<p>4. A CONTA ATRÁS. Este é o derradeiro reto desta segunda tarefa do ámbito onde o alumnado realizará adquirirá nocións sobre o consumo excesivo da auga a través dun pequeno experimento. Ademais faremos as nosas mensaxes sostibles para a cápsula do tempo e para algunhas direccións de Tui e aproveitar para concienciar e compartir o que estamos facendo dende o cole para que toda a cidade de Tui vaíamos nunha mesma dirección.</p>	<p>1.1 Experimento: "Canta auga gastamos?". Nunha das billas do exterior do cole colocaremos un cubo debaixo e deixamos a auga correr ao máximo durante un minuto nun recipiente transparente (poñeremos o cronómetro que será a sinal acústica que dará aviso para cerralo). Ao rematar o tempo marcaremos cun rotulador ata onde chegou a auga. Baleiramos o recipiente e volvemos repetir a operación, aínda que neste caso abriremos a billa a metade de velocidade aínda que o mesmo tempo (un minuto) e enchen o mesmo recipiente e facemos unha nova marca para</p>	<p>1.2. "Pequenas accións para cambiar o mundo". Despois de investigar e facer os experimentos nos días anteriores propoñemos ao alumnado unha forma de axudar as persoas que viven en Tui e compartir con el@s o que aprendemos e sobre as cousas que poden facer nas súas casas ou negocios para axudar ao noso planeta e mellorar a sustentabilidade. Crearemos diferentes mensaxes en distintos formatos (vídeo, texto, debuxos, pictogramas, voz...) nos que se expresen accións sostibles que podemos levar a cabo as persoas de Tui e poñer o noso graíño de area.</p>	<p>1.3. "Mensaxes sostibles". Unha vez creados os mensaxes polo alumnado incluíremolos en diferentes sobres nos que estarán escritas direccións de domicilios de Tui. Introduciremos as mensaxes no sobre e poñemos o cuño para envialos por correo postal. Faremos unha copia destas mensaxes para introducir na cápsula do tempo que enterraremos no patio co resto do alumnado do centro ao rematar todos os grupos a tarefa. Para as mensaxes en formato debuxo ou escrito utilizaremos o <i>SOPORTE 5</i>.</p>
--	---	--	--



	<p>comparar co resultado anterior. Que acontece? Voltamos á aula para comprobar o resultado e facer as comparacións. Cando gastamos mais auga? Que podemos facer nas nosas casas? Facemos unha asemblea para recoller as súas impresións.</p>		
--	---	--	--

ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMENTO	RECURSOS DIDÁCTICOS	TEMPORALIZACIÓN
<p>1. MOTIVACIÓN INICIAL. <u>"REPORTEIR@S DE ANDAR POR CASA"</u>. Este primeiro reto trata de analizar as fotografías que fixeron previamente á primeira sesión do ámbito e cumprir coa misión que lles foi asignada polo noso Marciano Marvin (protagonista en diferentes tarefas do ámbito ao longo do curso). https://youtu.be/0EVnv2SS9t4</p>	<p>AULAS 3, 4, 5 ANOS A E 5 ANOS B</p>	<p>GRAN GRUPO</p>	<p>VIDEO MOTIVACIÓN INICIAL, FOTOGRAFÍAS IMPRESAS, SOPORTES 1 E 2.</p>	<p>MARTES</p> <p>AULA DE 3 ANOS: 9:20-10:20</p> <p>AULA 4 ANOS: DE 9:10 A 10:30</p> <p>AULA 5 ANOS A: DE 9:00 A 10:40</p> <p>AULA DE 5 ANOS B: DE 9:05 A 10:50</p>
<p>2. ASEMBLEA SUSTENTABLE. Neste segundo reto sostible teremos que documentarnos acerca do concepto de contaminación utilizando un conto e uns soportes con apoios visuais e de</p>	<p>AULAS 3, 4, 5 ANOS A E 5 ANOS B</p>	<p>GRAN GRUPO E TRABALLO INDIVIDUAL</p>	<p>CONTO, SOPORTE 3 E 4, AUGA, RECIPIENTE TRANSPARENTE, CACAO, ACEITE, ANIMAIS DE XOGUETE, PLÁSTICOS,</p>	<p>XOVES</p> <p>AULA DE 3 ANOS: MARTES 9:20-10:20</p> <p>AULA 4 ANOS: MARTES</p>

<p>voz. Faremos un experimento para vivenciar como se atopan os océanos e mares nestes momentos e o dificultoso que pode resultar a limpeza dos mesmos. Prepararémonos para poder desenvolver o seguinte reto na vindeira semana.</p>			<p>ALGODÓN OU ESPONXAS, LÁPICES, CORES OPU ROTULADORES, NOTICIA DO XORNAL EN FORMATO DIXITAL.</p>	<p>DE 9:10 A 10:30 AULA 5 ANOS A: MARTES DE 9:00 A 10:40 AULA DE 5 ANOS B: MARTES DE 9:05 A 10:50</p>
<p>3. <u>MALAS NOVAS</u>. Este é o terceiro reto da tarefa no que o alumnado converterase de novo en "<i>Detective sostible</i>" facendo uso das insignias que utilizamos anteriormente (<i>SOPORTE 2</i>) e traballará nunha actividade de aprendizaxe servizo facendo unha recollida de lixo en en diferentes zonas de Tui e sensibilizando á poboación que se atope pola rúa no momento da saída, coas nosas accións.</p>	<p>AULAS 3, 4, 5 ANOS A E 5 ANOS B</p>	<p>GRAN GRUPO</p>	<p>SOPORTE 2, PINZAS, LUVAS DE LÁTEX, BOLSAS DE LIXO.</p>	<p>MARTES AULA DE 3 ANOS: 9:20-10:20 AULA 4 ANOS: DE 9:10 A 10:30 AULA 5 ANOS A: DE 9:00 A 10:40 AULA DE 5 ANOS B: DE 9:05 A 10:50</p>



<p>4. A CONTA ATRÁS. Este é o derradeiro reto desta segunda tarefa do ámbito onde o alumnado adquirirá nocións sobre o consumo excesivo da auga a través dun pequeno experimento. Ademais elaboraremos as nosas mensaxes sostibles para introducir na cápsula do tempo e para enviar a algunhas direccións de Tui e aproveitar para concienciar e compartir o que estamos facendo dende o cole coa cidade de Tui, o noso obxectivo e que todos e todas vaíamos nunha mesma dirección.</p>	<p>AULAS 3, 4, 5 ANOS A E 5 ANOS B</p>	<p>GRAN GRUPO E TRABALLO INDIVIDUAL</p>	<p>GARRAFA TRANSPARENTE, ROTULADOR PERMANENTE, BILLA, SOPORTE 5, IPAD, SOBRES, SELOS.</p>	<p>XOVES</p> <p>AULA DE 3 ANOS: MARTES 9:20-10:20</p> <p>AULA 4 ANOS: MARTES DE 9:10 A 10:30</p> <p>AULA 5 ANOS A: MARTES DE 9:00 A 10:40</p> <p>AULA DE 5 ANOS B: MARTES DE 9:05 A 10:50</p>
--	--	---	---	--

6. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN


ESCALA DE VALORACIÓN: A CUBRIR POLA MESTRA DE ÁMBITO PARA CADA ALUMN@

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE DIRECTAMENTE OBSERVABLE	SEN DIFICULTADE	EN PROCESO	CON DIFICULTADE
<ul style="list-style-type: none"> • Coñece os coidados básicos que requiren animais e plantas para vivir. 			
<ul style="list-style-type: none"> • Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar. 			
<ul style="list-style-type: none"> • Presta atención ás informacións que lle transmiten outras persoas. 			
<ul style="list-style-type: none"> • Goza ao realizar actividades de grupo en contacto coa natureza. 			

AVALIACIÓN FINAL POR PARTE DA COORDINADORA DE ÁMBITO

A coordinadora tomará nota ao longo das sesións que se van a desenvolver coa posta en práctica da tarefa e realizará unha avaliación diaria da propia práctica docente. Utilizará o soporte DIXITAL que aparece no seguinte link:

https://docs.google.com/forms/u/1/d/1uZqc3JOM693CG2dpHZDB3ukWFjq1YpQRc_rWxwbXcHk/edit?usp=drive_web



SOPORTE 2. INSIGNIAS



SOPORTE 3. Recollida datos experimento.



SOPORTE 5. Mensaxes sostibles.